

Música, poesía e premios para un día 17

Os concellos de Poio, Marín e Sanxenxo aproveitan a xornada para entregar galardóns

REDACCIÓN
18/MAI./24

Música, faladoiros, premios escolares e lectura de **poemas** de [Luísa Villalta](#) protagonizaron a xornada do [Día das Letras Galegas](#) na maior parte dos concellos do norte da provincia de Pontevedra. Na capital houbo actuacións da **Banda de Música de Salcedo**, pola mañá, e de **Catuxa Salom e dos Vacalouras**, pola noite.

A alcaldesa **María Ramallo** presidiu o acto institucional do 17 de maio de **Marín**, no que, entre outras cousas, se entregou o **XXII Premio de Poesía** do Concello de Marín a **Francisco Javier Fernández Davila**. O alcalde de **Poio**, **Ángel Moldes**, tamén se encargou de presidir o acto central do Día das Letras Galegas no seu concello: a entrega de premios do **XXXII Concurso Literario Xaime Illa Couto**. No centro cultural que leva o nome do intelectual, ademais, tivo lugar un faladoiro a cargo do crítico **Ramón Rozas**.

A maiores, en **Sanxenxo** entregáronse os Premios **Os Picariños-Mestre Hermida** e en **Vilagarcía**, o alcalde, **Alberto Varela**, presidiu a **ofrenda floral** a Rosalía de Castro.

Pontevedra: concerto das Letras Galegas no Teatro Principal e Festa da Lingua no Mercado



Banda de Música de Salcedo no Concerto das Letras Galegas. GONZALO GARCÍA

A música en directo protagonizou o Día das Letras Galegas na capital da provincia. Pola mañá, no **Teatro Principal**, a Banda de Música de Salcedo ofreceu o seu tradicional **Concerto das Letras Galegas**. Estivo acompañada pola **Coral Polifónica de Salcedo**. Á noite, no Mercado de Abastos, a asociación **A Pedreira** celebrou a Festa da Lingua, que incluíu concertos de Catuxa Salom e Os Vacalouras.

Marín: a poesía conquista o Museo Manuel Torres



Entrega do XXII Premio de Poesía de Marín. JAVIER CERVERA-MERCADILLO
O **Museo Manuel Torres** foi o espazo escollido para a entrega do XXII Premio de Poesía de Marín, que este ano recaeu sobre Francisco Javier Fernández

Davila. O acto, no que tamén participaron os centros de ensino, completouse cunha actuación de **Picuiña**.

Poio: entrega de premios do Xaime Illa, e relatorio



Entrega de premios do certame de relatos e poesía Xaime Illa. GONZALO GARCÍA

O Concello de Poio e a **ACD Raxó** entregaron os premios do certame de relatos e poesía Xaime Illa, que contou con **dez gañadores** nun acto que se iniciou cun relatorio co xornalista Ramón Rozas e a edil de Cultura **Natalia Sabarís** e que contou con música de **Xistra**.

Sanxenxo: premios Os Picariños-Mestre Hermida



Entrega dos premios do Certame Escolar Os Picariños–Mestre Hermida. CONCELLO DE SANXENXO

O Concello de Sanxenxo e o **Círculo Cultural Deportivo Sanxenxo** entregaron o día 17 os premios do Certame Escolar Os Picariños–Mestre Hermida, que repartiron **18 galardóns**.

Vilagarcía: ofrenda floral a Rosalía de Castro



Ofrenda floral en Vilagarcía. CONCELLO DE VILAGARCÍA

Vilagarcía pechou os actos arredor do 17 de maio coa tradicional ofrenda floral ante o busto de **Rosalía de Castro** en Carril. No acto participaron a **Escola Gato Negro** e **Malveiras**. Despois actuou **Xosé Duarte**.